

Servizo “Programas Lúdicos” do Concello de Ames



Elaborado por:

Contido

1.	INTRODUCCIÓN.....	2
2.	DESCRIPCIÓN XERAL DO PROGRAMA	2
3.	OBXECTIVOS XERAIS.....	3
4.	ESTRUTURA HORARIA DO PROGRAMA.....	3
5.	ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS	3
6.	METODOLOXÍA.....	4
7.	PERSOAS E RATIOS	4
8.	MATERIAIS E RECURSOS.....	4
9.	AVALIACIÓN	5
10.	FÍO CONDUTOR: “O mapa das emocións: aventuras para crecer”	5
11.	PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES	6

1. INTRODUCCIÓN

O servizo de Programas Lúdicos do Concello de Ames está deseñado para ofrecer un espazo educativo, seguro e de calidade durante os períodos vacacionais, favorecendo o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e contribuíndo á conciliación da vida familiar e laboral.

O programa abrangue **Xuño Lúdico, Escola de Verán (xullo e agosto) e Setembro Lúdico**, adaptándose ás necesidades propias de cada momento:

- **Xuño:** adaptación ao lecer e cohesión grupal.
- **Verán:** desenvolvemento emocional e vivencial.
- **Setembro:** regreso progresivo ao contexto escolar.

A proposta artículase arredor do fío condutor global: **“O mapa das emocións: aventuras para crecer”**.

A través desta viaxe simbólica, os participantes explorarán emocións, emocións sociais e a súa identidade mediante o xogo, a creatividade e a participación activa.

2. DESCRICIÓN XERAL DO PROGRAMA

As actividades desenvolveranse no concello de Ames, nos núcleos de Bertamiráns e Milladoiro, nos espazos municipais habituais:

- **Bertamiráns:** CEIP A Maía.
- **Milladoiro:** EEI do Milladoiro e CEP Ventín.

Horario do servizo: 7:30 a 16:00 horas, con diferentes modalidades (con ou sen almorzo e comedor).

O programa estrutúrase en tres períodos diferenciados, adaptados ás necesidades educativas e evolutivas do alumnado ao longo do verán:

- **Xuño Lúdico (22 – 30 xuño).**
- **Escola de Verán (xullo e agosto).**
- **Setembro Lúdico (1 – 7 setembro).**

A programación artéllase arredor dun fío condutor común: **“O mapa das emocións: aventuras para crecer”**.

A través desta proposta, os nenos e nenas converteranse en protagonistas dunha viaxe simbólica na que, mediante xogos, retos e dinámicas grupais, explorarán diferentes emocións, fortalecerán a súa identidade e desenvolverán habilidades sociais.

Cada período e cada xornada presentarán misións e actividades adaptadas á temática correspondente (autocoñecemento, mundo mariño, espazo, circo ou diversidade cultural), permitindo aos participantes:

- Identificar e expresar emocións.
- Mellorar a convivencia e o traballo en equipo.
- Desenvolver a creatividade e a imaxinación.
- Construír unha mirada respectuosa cara a si mesmos/as e cara aos demais.

Deste xeito, o programa ofrece un lecer educativo de calidade, adaptado ao contexto estival e centrado no benestar emocional e social dos nenos e nenas.

3. OBXECTIVOS XERAIS

- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral durante o período vacacional de verán.
- Desenvolver o autocoñecemento e a educación emocional.
- Fomentar a convivencia positiva e a cohesión grupal.
- Promover valores de igualdade, inclusión e respecto.
- Potenciar a creatividade e a expresión artística.
- Desenvolver habilidades sociais e resolución de conflitos.
- Favorecer un retorno ao contexto escolar positivo.

4. ESTRUCTURA HORARIA DO PROGRAMA

HORARIO	ACTIVIDADE PRINCIPAL	OBSERVACIÓNS
07:30 – 09:00	Bos días (con ou sen almorzo)	Almorzo dispoñible ata as 08:30
09:00 – 14:30	Actividades lúdicas e educativas	Programación por idades
14:30 – 16:00	Comedor e xogo libre vixiado	Actividade flexible e relaxada

5. ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS

- **Grupo 1: Infantil (3-5 anos).**

- **Grupo 2: 6-8 anos** (1º a 3º de Primaria).
- **Grupo 3: 9-12 anos** (4º a 6º de Primaria).

6. METODOLOXÍA

- Metodoloxía activa, participativa e de carácter lúdico, que sitúa aos nenos e nenas como protagonistas da súa propia aprendizaxe.
- Aprendizaxe baseada no xogo e na experiencia directa, favorecendo a experimentación, a creatividade e a vivencia emocional.
- Enfoque centrado no desenvolvemento emocional e social, promovendo o autocoñecemento, a expresión de emocións e as relacións positivas.
- Actividades adaptadas ás diferentes idades, ritmos e capacidades do alumnado.
- Enfoque inclusivo, flexible e respectuoso coa diversidade, garantindo a participación de todo o grupo.
- Fomento do traballo cooperativo, da convivencia e da resolución de situacións de maneira dialogada e respectuosa.

7. PERSOAS E RATIOS

- 1 monitor/a por cada 10 nenos/as en Infantil.
- 1 monitor/a por cada 15 nenos/as en Primaria.
- Coordinador/a por centro.
- Persoal de apoio para necesidades específicas.

8. MATERIAIS E RECURSOS

- Material creativo e de reciclaxe para o desenvolvemento de obradoiros plásticos e actividades manipulativas.
- Recursos de educación emocional (tarxetas, xogos, contos e dinámicas específicas) orientados ao autocoñecemento e á expresión de emocións.
- Disfraces e material escénico para actividades de dramatización, expresión corporal e xogos simbólicos.

- Xogos cooperativos que fomenten a participación, a cohesión grupal e a convivencia positiva.
- Material para actividades de exterior e xogos de auga, adaptados ao contexto estival.

9. AVALIACIÓN

- Observación continua por parte do equipo educativo ao longo de todo o programa.
- Seguimento da participación, da convivencia e da implicación nas actividades.
- Valoración da evolución emocional e social dos nenos e nenas.
- Realización de actividades de avaliación lúdica e reflexiva, adaptadas ás diferentes idades.

10. FÍO CONDUTOR: “O mapa das emocións: aventuras para crecer”

Ao longo deste programa, os nenos e nenas participarán nunha viaxe simbólica na que se converterán en protagonistas do seu propio proceso de crecemento persoal e social.

A través de xogos, dinámicas grupais, retos cooperativos e actividades creativas, explorarán diferentes emocións, aprenderán a identificalas e expresalas, e desenvolverán habilidades para a convivencia e o benestar emocional.

Cada período do programa representa unha etapa desta viaxe:

- **Xuño** → **coñecerse**, favorecendo o autocoñecemento, a adaptación ao grupo e a expresión emocional.
- **Verán** → **explorar emocións**, mediante experiencias lúdicas relacionadas coa imaxinación, a creatividade e a convivencia.
- **Setembro** → **reorganizarse e volver**, facilitando un regreso progresivo ao contexto escolar desde a seguridade emocional e a cohesión grupal.

Cada xornada presentarase como unha pequena misión dentro deste “mapa das emocións”, permitindo aos participantes avanzar na súa propia aventura persoal, ao tempo que fortalecen as relacións co grupo e desenvolven unha actitude positiva cara a si mesmos/as e cara aos demais.

11. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

DÍA	GRUPO 1 (3-5 anos)	GRUPO 2 (6-8 anos)	GRUPO 3 (9-12 anos)
22 xuño	Dinámicas de acollida + “A árbore dos nomes” + Xogo de recoñecemento emocional	Xogos de presentación + Pulseiras da amizade + Dinámica “Como me sinto hoxe?”	Mapa da autoestima + Mural “Quen son eu?” + Dinámica de grupo
23 xuño	Conto dramatizado “A miña emoción” + Expresión corporal + Modelado con plastilina	Diario emocional + Obradoiro de caras e emocións + Xogo de roles	Reto das emocións + Teatro de situacións + Debate guiado
25 xuño	Pintura con esponxas + Relaxación con música + Xogo libre guiado	Actividade “Se eu fose...” + Lectura compartida + Xogo cooperativo	Creación de manifesto de grupo + Expresión corporal + Dinámica de cohesión
26 xuño	Obradoiro de máscaras + Xogo cooperativo + Canción grupal	Xogos tradicionais + Creación de normas do grupo + Dinámica de convivencia	Debate “Como quero que sexa o verán?” + Cartel colectivo + Acordos grupais
29 xuño	Contacontos “A aventura comeza aquí” + Xogo simbólico	Visita á biblioteca + Actividade plástica de identidade + Lectura guiada	Roteiro pola biblioteca + Xogo de pistas lectoras + Pequeno debate
30 xuño	Festa das emocións: música + xogos + despedida simbólica	Avaliación lúdica + Mural de compromisos + Xogo final	Avaliación por equipos + Cápsula do tempo + Reflexión grupal

DÍA	GRUPO 1 (3-5 anos)	GRUPO 2 (6-8 anos)	GRUPO 3 (9-12 anos)
1 xullo	Conto “A estrela mariña” + diálogo sobre emocións + mural mariño colectivo	Creación de animais mariños + presentación grupal + identificación de emocións	Decoración submarina do espazo + ice-breaker cooperativo + normas do grupo
2 xullo	Xogo simbólico “A escola de peixes” + modelado con area + expresión emocional	Maqueta do fondo mariño + exposición oral + traballo cooperativo	Dinámica “Exploradores abisais” + retos cooperativos + resolución de problemas
3 xullo	Cancións do mar + xogos de auga + relaxación guiada	Festa da auga + creación de instrumentos reciclados + coordinación grupal	Torneo acuático por relevos + lema ambiental + reflexión grupal

6 xullo	Xogo motor "Correntes mariñas" + percorridos con obstáculos + coordinación	Xogo de rol "Somos oceanógrafos/as" + investigación simbólica + rexistro	Obradoiro de creación sonora mariña + experimentación e gravación
7 xullo	Saída ao parque + busca de formas mariñas + xogo simbólico	Roteiro "mar e terra" + caderno de campo simbólico + observación	Elaboración dun mapa "Ames mariño" + análise + exposición
8 xullo	Pintura con esponxas + conto dramatizado + expresión corporal	Teatro submarino + construción de escenario + ensaio	Improvisación teatral + escena sobre coidado do mar
9 xullo	Xogo sensorial con texturas mariñas + caixas sorpresa + identificación	Escape room mariño sinxelo + pistas ambientais + cooperación	Debate "Problemas do océano" + propostas e solucións
10 xullo	Danza "Animais mariños" + expresión corporal + imitación	Xogo de estratexia por equipos + defensa de ecosistemas	Simulación "Consello mariño" + negociación e resolución de conflitos
13 xullo	Festa das emocións mariñas + entrega simbólica de medallas	Avaliación emocional + contacontos final + reflexión	Avaliación reflexiva + reto final cooperativo
14 xullo	Exposición de traballos + peche da temática mariña	Entrega de diplomas + dinámica grupal	Presentación audiovisual + intercambio de opinións
15 xullo	Conto "A estrela curiosa" + deseño de planetas + expresión emocional	Creación do sistema solar + presentación oral + creatividade	Dinámica "Tripulación interplanetaria" + normas + cohesión grupal
16 xullo	Elaboración de traxes espaciais + xogo de gravidade + coordinación	Cascos de astronauta + presentación de planetas	Obradoiro de comunicación cósmica + retos cooperativos
17 xullo	Canción "O foguete bailador" + coreografía + expresión corporal	Xogo dos planetas + dramatización "Perdidos no espazo"	Simulación de misión + teatro de ciencia ficción cooperativo
20 xullo	Circuíto psicomotor "Adestramento de astronautas" + equilibrio + coordinación	Probas intergalácticas por estacións + retos cooperativos	Reto "Constrúe e salva a nave" + resolución en equipo

21 xullo	Xogo sensorial “Descubrimos o espazo” + lucos e texturas	Xogo “Adiviña o planeta” + pistas + cooperación	Debate “Como sería vivir no espazo?” + argumentación
22 xullo	Cómic espacial sinxelo + creatividade	Banda deseñada por equipos + historia emocional	Creación de microhistorias con mensaxe
23 xullo	Xogo dos satélites + relaxación con luces suaves	Mapa estelar de Ames + orientación simbólica	Creación de constelación propia + análise simbólica
24 xullo	Xogo cooperativo “Exploramos novos planetas” + percorridos e retos	Dinámica de resolución de problemas en equipo + misións espaciais	Xogo de estratexia “Colonizamos un planeta” + toma de decisións
27 xullo	Xogo simbólico “Estación espacial” + roles + interacción	Creación dun xogo de mesa espacial + normas + proba	Deseño dunha misión espacial + planificación + exposición
28 xullo	Relaxación guiada con música espacial + expresión libre	Dinámica “O meu planeta ideal” + expresión oral	Diario final de misión + reflexión
29 xullo	Xogos “Gravidade cero” + coordinación + movemento	Circuíto de retos espaciais + probos cooperativas	Escape room espacial + resolución de retos
30 xullo	Festival espacial: xogos + música + desfile	Festival espacial: retos + actuación grupal	Festival: presentación pública + avaliación
31 xullo	Xogo libre guiado + despedida emocional + canción final	Dinámica “Que levo comigo” + mural colectivo	Debate final + conclusións + cápsula do tempo

DÍA	GRUPO 1 (3-5 anos)	GRUPO 2 (6-8 anos)	GRUPO 3 (9-12 anos)
3 agosto	Presentación do circo + pintacaros + xogo de emocións	“A miña carpa máxica” + dinámicas de cohesión	Formación de grupos creativos + xogo de liderado
4 agosto	Obradoiro de gorros e narices + desfile + expresión corporal	Creación de carteis do circo + lema do grupo	Planificación de funcións + asignación de roles
5 agosto	Ensaio con malabares + música + coordinación	Ensaio escénicos + coreografías temáticas	Taller de interpretación corporal + improvisación

6 agosto	Xogos de ritmo + expresión libre + coordinación	Teatro de situacións + xogos simbólicos	Dramatización de escenas de inclusión
7 agosto	Festa da amizade + xogos + relaxación guiada	Obradoiro de medallas simbólicas + contacontos	Avaliación emocional + reflexión grupal
10 agosto	Decoración da carpa + construción con reciclaxe	Escenografía en equipo + desfile interno	Gravación da función + deseño do programa
11 agosto	Representación do circo + xogo simbólico	Actuación final: teatro, danza e música	Exposición de talento + reflexión grupal
12 agosto	Presentación con mapa + bandeiras decoradas + xogo simbólico	Creación do “pasaporte viaxeiro” + música do mundo	Reparto de países + investigación cultural
13 agosto	Conto africano + xogos rítmicos + expresión corporal	Obradoiro de instrumentos + danza	Debate cultural + representación
14 agosto	Obradoiro de máscaras indíxenas + expresión plástica	Pintura tribal + teatro de marionetas	Creación dunha cultura inventada + normas
17 agosto	Xogos tradicionais do mundo + coordinación	Xincana multicultural + receitas simbólicas	Concurso “viaxe polo mundo” + exposición
18 agosto	Contos do mundo + arte con area + relaxación	Mandalas + creación de murais multiculturais	Debate sobre tolerancia + role play
19 agosto	Bandeira do respecto + canción da diversidade	Círculo da palabra + vídeo educativo	Charla lúdica + creación de lema
20 agosto	Feira multicultural + exposición de traballos	Feira con stands por grupos	Representación final + entrega de pasaportes
21 agosto	Xogo simbólico “Viaxamos en avión” + construción de avións + expresión corporal	Deseño de rutas de viaxe + mapa creativo + traballo en equipo	Planificación dunha viaxe + orzamento simbólico + toma de decisións
24 agosto	Conto “Unha viaxe polo mundo” + relaxación + debuxo libre	Álbum de viaxes + escritura e ilustración	Diario de viaxe + reflexión + posta en común
25 agosto	Xogos motores do mundo + coordinación + ritmo	Xogos do mundo + cooperación	Torneo de xogos tradicionais + organización

26 agosto	Obradoiro de cociña simbólica + xogos de roles	Elaboración de receitas sinxelas + presentación	Investigación gastronómica + exposición + debate
27 agosto	Danza do mundo + expresión corporal + música	Coreografías internacionais + ensaio	Creación de actuación multicultural + coordinación
28 agosto	Xogo "A maleta das emocións" + identificación emocional	Dinámica reflexiva + expresión escrita	Análise de aprendizaxes + dinámica grupal
31 agosto	Festa final multicultural + xogos + despedida simbólica	Avaliación lúdica + mural colectivo + despedida	Avaliación final + debate + peche do programa

DÍA	GRUPO 1 (3-5 anos)	GRUPO 2 (6-8 anos)	GRUPO 3 (9-12 anos)
1 setembro	Benvida afectiva + contacontos sobre o regreso ao cole + creación dun mural de sentimentos (como me sinto ao volver) + xogo de presentación	Dinámica "A mochila emocional" (que traio do verán) + creación de pulseiras de emocións + posta en común	Debate guiado de regreso + dinámica "o mellor do verán" + identificación de emocións ante o novo curso
2 setembro	Pequena planificación visual do día + debuxo "as cousas que me gustan do cole" + conversa guiada	Creación de cartel de grupo + etiquetas positivas entre compañeiros/as + dinámica de cohesión	Consello do grupo: acordos iniciais + roles + reflexión sobre convivencia
3 setembro	Xogos tradicionais + actividade de pintura libre + expresión emocional a través da cor	Dinámicas de cohesión grupal + inicio dun pequeno caderno de regreso (expectativas e recordos)	Reto creativo cooperativo (resolver unha situación en grupo) + posta en común
4 setembro	Saída ao entorno próximo + observación guiada + recollida de elementos naturais + comentario grupal	Roteiro + elaboración dun diario sinxelo con debuxos e pequenas descrições	Observación do entorno + análise cooperativa + reflexión sobre o verán e o novo comezo
7 setembro	Contacontos sobre convivencia + creación de normas básicas a través do xogo + dramatización sinxela	Elaboración dun cartel de normas do grupo + organización de equipos + dinámica de responsabilidade	Role play de convivencia (situacións reais) + resolución de conflitos + elaboración dun pequeno manifesto de grupo